

PROXECTO BIBLIOTECA. _

PALABRAS VIVAS: CIDADES LITERARIAS.

“De Marineda a Macondo, pasando por Narnia”

MATERIAS

Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura
Linguas Clásicas
Linguas Estranxeiras
Literatura Universal
Ciencias Sociais
Xeografía e Historia

NIVELES

Educación Secundaria de Adultos/ FP Básica / 1º Bacharelato

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en Comunicación Lingüística
Competencia Cultural e Artística
Competencia Dixital
Competencia Social e Cidadá
Competencia en Aprender a Aprender
Competencia en Autonomía e Iniciativa Persoal

METODOLOXÍA

A metodoloxía será eminentemente activa e participativa, axustándose ás demandas do alumnado. Partiremos da aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), sendo un proxecto de traballo colaborativo, con dúas claves, gamificación e curación de contidos, imprescindible para que o alumnado desenvolva unha navegación activa e crítica en redes sociais, e adquira unhas competencias dixitais plenas.

A orientación no proceso de ensino e aprendizaxe será a *flipped classroom*, onde alumnado convértese en xestor da súa propia contorna persoal de aprendizaxe (PLE). As novas sociedades da información e da globalidade tecnolóxica, esixen suxeitos activos, capaces de desenvolver a súa propia aprendizaxe, a fin de crear unha competencia plena de aprender a aprender, esencial nas sociedades do século XXI.

O profesorado debe ser un facilitador-orientador nos procesos de ensino e aprendizaxe, e este proxecto permite neste sentido, expor a actividade como unha secuencia guiada por completo na aula para os niveis de competencia máis baixos, ou como unha actividade de ampliación para alumnado máis autónomo. En canto á distribución, a formulación apunta cara ao traballo en grupos pequenos, mellor que de forma individual; mediante a repartición de tarefas traballaranse técnicas de aprendizaxe colaborativa.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A secuencia de actividades proposta (modificable), constitúe en si mesma un pequeno proxecto de traballo porque as distintas actividades que a compoñen entrelázanse e adquiren sentido con vistas á consecución dun produto final comunicativo, neste caso, un percorrido literario.

O proxecto expónse como unha actividade xeral de investigación que implica diversos elementos xa que esixe competencias dixitais e de comprensión/expresión tanto oral como

escrita. O aspecto literario forma parte dos nosos contidos (en canto á procura de información dos autores e no referido ás liñas do tempo) e tanto a Xeolocalización como a posible actuación *in situ* poden servir para abordar as competencias dun modo global.

Do mesmo xeito, pódese aproveitar a actividade para outras materias do ámbito humanístico, como Historia, Ciencias Sociais... Pero tamén a preparación deses contidos esixe a posta en marcha de distintas técnicas de traballo, como a procura e selección de información, a súa curación, a expresión oral, a expresión plástica e visual, etc. Así pois, a actividade debe poñer en marcha distintas destrezas.

FASE PREVIA

- Selección de cidades literarias con nome ficticio pero algún referente xeográfico.
- Procura de información sobre as cidades, as obras nas que aparecen e sobre os autores literarios.
- Procura e selección de fragmentos representativos.
- Lectura e comprensión dos textos literarios seleccionados.

ALMACÉN CONTIDOS

- Creación dun *sites* co nome do proxecto no que se irán almacenando os contidos seleccionados e curados.

CREACIÓN DE AUDIOS

- Gravaranse *podcasts* de fragmentos da obra literaria na que se faga referencia dalgunha maneira á cidade elixida.

XEOLOCALIZACIÓN

- Elaboración do itinerario coas cidades seleccionadas con Google.Maps ou Geo. aumentaty
- Etiquetaxe coa síntese de contidos seleccionados.
- Elaboración e deseño de liña do tempo

REALIDADE AUMENTADA

- Proposta¹ elaboración un póster con RA. do mapa das cidades
- Proposta² elaboración revista dixital con RA
- Elaboración dunha APP con toda a información contemplada para ser utilizada sobre todo en móbiles.

FICHA TÉCNICA DE CADA CIDADE

1. NOME CIDADE

- Foto, debuxo, gravado...da cidade literaria (se é posible) e da correspondencia xeográfica (ás veces será aproximada ou simplemente moi discutida)

2. FRAGMENTO DESCRITIVO

Da cidade tanto xeograficamente como social ou economicamente, ou de calquera outro aspecto que se considere de interese

3. A OBRA E O AUTOR: biografía breve e resumo da obra.

4. PODCAST: o alumno/para gravará audios/vídeo onde lea o fragmento descritivo da cidade....ou na súa falta un fragmento representativo da obra.

5. MOTIVOS: o porqué de achegarse a esa cidade.

6. CÓDIGO QR: permitirá acceder a información sobre a cidade, e sobre a obra.

LISTADO DE CIDADES LITERARIAS

1. Marinada (A Coruña), Pardo Bazán, *La Tribuna*
2. Arcadia (Arcadia, Peloponeso) Lope; *La Arcadia*
3. Arkham (Salem) Lovecraft; *El cuadro en la casa*
4. Atlántida (Malta, Islas Canarias...) Platón; *Timeo*
5. Attilán (Himalaya) Stan Lee y Jack Kirby ; *Cómics de Marvel Los 4 Fantásticos*
6. Avalón (Cumberland, Ile Aval) anónimo; *Leyendas artúricas*
7. Barataria (Alcalá del Ebro) , Cervantes, *El Quijote*
8. Bomarzó (Viterbo) Mujica Láinez; *Bomarzó*
9. Camelot (Gran Bretaña) Chrétien de Troyes; *Lancelot*
10. Castle Rock (Maine) Stephen King; *La zona muerta*
11. El Edén (O. Medio) anónimo; Antiguo Testamento
12. Godric's Hollow (Edimburgo) J. K. Rowling; *Saga Harry Potter*
13. Gotham (N.Y) Bill Finger ; *Cómic Batman*
14. Kingsbridge (Condado de Devon) K. Follet; *Los pilares de la Tierra*
15. Lilliput (Tasmania) Jonathan Swift; *Los viajes de Gulliver*
16. Macondo (Aracataca) García Márquez ; *Cien años de soledad*
17. Mágina (Úbeda) , Muñoz Molina, *Beatus Ille*
18. Narnia (Narni, Italia) , C.S. Lewis. *Las Crónicas de Narnia*
19. Ogigia (Isla de Comino, Malta) Homero; *La Odisea*
20. Olimpo (Tesalia) Homero; *La Ilíada*
21. Pandora (El Congo) Sánchez Piñol; *Pandora en el Congo; La piel fría*
22. Pndapetzim (Asia) Umberto Eco ; *Baudolino*

23. Shangri-La (Himalaya) James Hilton; *Horizontes perdidos*
24. Santa María (Montevideo) Juan Carlos Onetti; *Juntacadáveres*
25. Santa Mónica de los Venados (Brasil) Alejo Carpentier; *Los Pasos Perdidos*
26. Smallville (Maryland) Alfred Gough y Miles Millar, *Superman*
27. Vetusta (Oviedo) Clarín; *La Regenta*
28. Xanadú (Mongolia), Marco Polo; *Crónicas*
29. Yoknapatawpha (Mississippi) W. Faulkner; *Absalóm. Absalóm*



LISTADO DE CIDADES DA LITERATURA CLÁSICA

Alexandría	1. Mantinea
Arcadia	2. Micenas
Argos	3. Mileto
Atenas	4. Mitilene
Capri	5. Ogigia
Cartago	6. Olimpia
Cólquide	7. Roma
Corfú	8. Tebas
Creta	9. Tesalia
Damán	10. Tiro
Esparta	11. Traquis
Ítaca	12. Troia

XEOLOCALIZACIÓN



Descarga a APP *Geo.aumentaty* no móvil e busca a Ruta "Cidades Literarias" para acceder aos contidos.

 2977 Km	Creta Creta es la isla más grande de Grecia y la quinta del mar Mediterráneo, Creta se encue
 3952 Km	Damán Damán, una localidad siria cercana a la ciudad de Aleppo conocida por su pasado hist
 6060 Km	Etiopía Es un país sin salida al mar, situado en el cuerno de África. Etiopía está lleno de
 1777 Km	Isla de Eea/Circe. La isla mítica de Eea, hogar de la hechicera Circe la cuál junto a la isla aparecen en la
 2493 Km	Ítaca En los poemas homéricos, Ítaca es la patria de Odiseo, cuyo regreso al hogar constit
 2566 Km	Mantineia Mantineia, conocida ciudad por su poder e importancia en el pasado. Fue en la ac

 2104 Km	Ogigia/Comino Ogigia es una isla mítica de la que habla Homero en la Eliada. Habita en ella la ninf
 2468 Km	Macedonia Macedonia es un estado independiente de la península Balcánica el cual
 1715 Km	Roma A continuación, en este trabajo se encontrará con información acerca de una
 2558 Km	Tesalia Tesalia fue en la mitología sede de Helén, el fundador de la raza de los helenos.
 3920 Km	Tiro En el siguiente poi, de este trabajo se encontrara información acerca de la c
 2606 Km	Traquis Lo único que se conoce de Traquis es que es una antigua ciudad griega de